



O 2 de novembro publicouse a [Plan de ensino virtual ante a COVID-19](#) que, segundo a Xunta de Galicia, permitirá continuar co proceso formativo do alumnado en caso de corentenas ou confinamentos derivados da actual crise sanitaria.

Son tres os posibles escenarios que nos podemos atopar:

1. Un ou varios grupos confinados só parcialmente.
2. Un ou varios grupos confinados na súa totalidade.
3. Confinamento xeral do centro.

Cada escenario require dunha actuación diversa:

ESCENARIO 1:

- Emprego da aula virtual e, opcionalmente, da plataforma Webex fóra do horario lectivo.

ESCENARIOS 2 E 3:

Respectando a carga lectiva de cada materia:

- Emprego da plataforma Webex atendendo ás indicacións do horario "espello" (60% da carga lectiva).
- Emprego da aula virtual para organizar os contidos das unidades didácticas e realización e entrega de tarefas (40% da carga lectiva).

HORARIO "ESPELLO":

Seguirase o horario habitual do grupo **"reducindo a duración das sesións de 50 a 30 minutos**, de xeito que o tempo restante quedaría para preparar a conexión da seguinte materia. Isto tamén evitaría a sobrecarga do alumnado".

Estes horarios serán publicados na páxina web do centro.

Seguirase facendo control de asistencia seguindo as seguintes indicacións:

- No escenario 1 xustificaranse tódalas faltas.
- Nos escenarios 2 e 3 poráselle falta non xustificada a aqueles alumnos que non se conecten á videoconferencia sen causa xustificada (enfermidade, consulta médica...)

O alumnado ten a obriga de ter a cámara conectada.

Na distribución horaria manteranse as sesións de tutoría para o alumnado e para as familias.